



Proposta de modificación do Protocolo da Xunta de Galicia de actuación fronte ao acoso e as violencias sexuais e psicolóxicas no traballo

Redacción actual:

“Cláusula terceira. Ámbito subxectivo

1. Están comprendidos no ámbito subxectivo de aplicación deste protocolo as persoas empregadas na Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e nas entidades instrumentais do sector público autonómico sinaladas no artigo 45.a) da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.”

Redacción proposta:

“Cláusula terceira. Ámbito subxectivo

“1. Están comprendidos no ámbito subxectivo de aplicación deste protocolo as persoas empregadas na Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e nas entidades instrumentais do sector público autonómico sinaladas no artigo 45.a) da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, con excepción do persoal docente dependente da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, o persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde e o persoal funcionario ao servizo da Administración de xustiza en Galicia, que se rexerán polo seu propio protocolo.”